

# “DESPENSA E CRIADEIRO”. AS SUSCRIPCIÓNS PATRIÓTICAS EN OURENSE

JULIO PRADA RODRÍGUEZ  
UNIVERSIDADE DE VIGO

## ABSTRACT

The *Patriotic Subscriptions* in the “national” area constituted one of the main sources for the financing of war, contributing decisively to the victory for the rebels. Galicia, converted in store and vivarium for the battle front, joined with unusual enthusiasm to the initiatives adopted to this effect. In this paper, the author studies its process of gestation in Ourense, the local sectors involved in the same, the extortion networks created around itself and the intentions of military authorities to submit them under their control.

## RÉSUMÉ

Les Souscriptions Patriotiques constituèrent une des principales sources de financement de la guerre dans le territoire “national” et contribuèrent notamment au triomphe des insurgés. La Galicie, convertie en lieu d’approvisionnement et exploitation pour les fronts de guerre, se joignit à toutes initiatives adoptées en ce sens avec un enthousiasme inouï. Dans cet article nous étudions le processus de gestation à Ourense, les secteurs de la société concernés, les réseaux d’extorsion créés à son alentour et les tentatives de contrôle des autorités militaires.

## RESUMEN

En la zona “nacional” las *Suscripciones Patrióticas* constituyeron una de las principales fuentes de financiación de la guerra, contribuyendo decisivamente al triunfo de los sublevados. Galicia, convertida en despensa y criadero para los frentes bélicos, se sumó con inusitado entusiasmo a cuantas iniciativas se adoptaron en tal sentido. En este artículo se estudia su proceso de gestación en Ourense, los sectores sociales implicados en las mismas, las redes de extorsión creadas a su alrededor y los intentos de las autoridades militares por someterlas a su control.

## I

Unha parte significativa da poboación ourensá que se identificaba plenamente cos sublevados comezou, dende os primeiros momentos da sublevación, a aportar diversas cantidades en metálico e en especie para contribuír a un triunfo que se agardaba inminente. Este apoio explica que só nunha xornada recadáranse, exclusivamente na capital, máis de 25.000 pesetas, cantidade nada desprezable se temos en conta que naqueles intres é difícil aínda pensar en que os doadores actuasen movidos polo medo ou a represión<sup>1</sup>. Como sucede en todas as zonas nas que triunfa o golpe de Estado, a febre colaboracionista desata en Galicia unha verdadeira competición entre as catro provincias para ver cal delas proporciona máis cantidades de ouro, alimentos xoias e toda clase de subministracións.

Os datos proporcionados por Silva Ferreiro son suficientemente indicativos e falan por si mesmos da magnitude do esforzo económico realizado polos galegos, especialmente polos ourensáns, que en proporción á súa riqueza relativa e á súa poboación se destacan como os principais contribuíntes.

#### Aportacións das catro provincias galegas en diñeiro e ouro (ata abril de 1937).

	Aportacións en metálico		Aportacións en ouro	
	Cantidades	%	Quilos	%
A CORUÑA	3.836.254,33	23,41%	309135	44,64%
LUGO	241.807.967	14,76%	556	8,09%
● OURENSE	500.5725,97	30,55%	55.472	8,01%
PONTEVEDRA	5.127.152,04	31,29%	272344	39,32%
GALICIA	16.387.212,04	100%	692551	100%

Fonte: SILVA FERREIRO, M., *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas Históricas*, Santiago, Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar, 1938, pp. 440-442.

#### Aportacións en metálico da provincia de Ourense

Pro Exército e Armada	901.863,72
Pro Aviões	400.000
Pro Aguinaldo do Soldado	107.422,10
Pro Homenaxe ó Xeneralísimo	12.075
Pro Málaga	33.135,15
Pro Vestiario e Material do Exército	3.551.230
Total	5.005.725,97

Fonte: SILVA FERREIRO, M., *Galicia...*, op. cit., pp. 440-442.

#### Aportacións en especie da provincia de Ourense

Aguardente	4.052 litros	Carne de porco	16.489 kg.	Pasta de sopa	165 kg.
Viños de mesa	6.100 litros	Centeo	9.569 kg.	Artigos varios	22.450 kg.
Viños comúns	63.532 litros	Chocolate	522 kg.	Aves vivas	4.165 unidades
Conservas de peixe	6.634 latas	Chourizos	1.760 kg.	Ovos	22.450 unidades
Conservas varias	503 latas	Conservas vexetais	3.250 kg.	Xamóns	9.668 unidades
Marmelada	575 latas	Proitas	6.249 kg.	Cigarros	38.250 paquetes
Legumes	185 caixas	Galletas	3.550 kg.	Gando lanar e vacún	1.527 cabezas
Feixóns	23.995 kg.	Garavanzos	273 kg.	Licores	4.726 botellas
Azucres	727 kg.	Figos	1.400 kg.	Manteigadas	1.500 dúcias
Arroz	1.200 kg.	Millo	1.182 kg.		
Café	2.526 kg.	Patacas	1.204.646 kg.		

Fonte: SILVA FERREIRO, M., *Galicia...*, op. cit., pp. 443-444.

<sup>1</sup> Vid. *La Región*, 24-VII-1936, p. 1.

Durante as xornadas que seguiron á declaración do estado de guerra estas aportacións realizáronse dun xeito bastante anárquico: os doadores da capital acudían á Comandancia Militar ou ó Goberno Civil e nas vilas e aldeas facían o concello ou ó posto da Garda Civil e depositaban as cantidades que quedaban rexistradas nunhas listas a carón do seu nome. Tamén grupos de milicianos actuaban pola súa conta ou baixo mando das autoridades solicitando diñeiro, xoias e grandes cantidades de víveres polas aldeas da provincia. Nun informe redactado en base ás informacións que lle chegaban ó cárcere, A. Lamas di que solicitaban especialmente “patatas, centeno y carnes de cerdo, lo que trae el desconcierto entre los labradores y para pescarlos en su casa salen en estas requisas falangistas de Orense a las tres de la madrugada, lo que quiere decir que no andan abundantes de alimentación”<sup>2</sup>.

Para facer un seguimento de como se procedeu á organización e regulamentación de todas estas aportacións por parte das autoridades militares nada mellor que analizar as primeiras disposicións adoptadas na materia nunha das principais vilas da provincia, a de Verín. O 28 de agosto de 1936 o comandante militar deste partido, Juan Ros Hernández, daba a coñecer un bando destinado a poñer orde na recadación de fondos en metálico e especie destinados ó Exército. Para as aportacións en especie de víveres, roupas e demais produtos existían unha serie de indicacións relativas á confección de listados nominativos nos que debían figurar as diversas cantidades entregadas e os doadores, así como diversas disposicións relacionadas co seu almacenamento en aldeas próximas ás estradas para facilitar a súa posterior recollida e sobre as condicións e estado dos produtos entregados. Con relación ás aportacións en metálico ordenaba ós pedáneos a elaboración de listas duplicadas nas que constaría o importe doado voluntariamente e, á súa dereita, “consignarán si es rico, si su posición es mediana, o si es pobre en término que no pueda aportar ninguna cantidad”. No caso de persoas acomodadas o pedáneo debía realizar, a partir dos informes das “personas de mayor solvencia y moralidad”, unha estimación da cantidade que poderían aportar teniendo en cuenta sus medios de fortuna inspirándose en este caso, en el fin Patriótico que impuso esta suscripción y nunca encerrará, la más remota idea de represalias personales o malquerencias”.

O concurso de “persoas de orde” dispostas a colaborar de bo grao na fiscalización dos seus veciños resultaba fundamental para o cumprimento das instrucións do citado comandante militar. A tal efecto constituíuse unha comisión recadatoria presidida polo avogado Manuel Cid Gallego, o ex-deputado da CEDA Laureano Peláez Canellas e o comerciante Alejandro André Álvarez, este último en calidade de tesoureiro. A pesar da teórica “voluntariedade” das aportacións, o bando especificaba claramente que as sucesivas suscripcións deberían comezar con aquelas persoas que, segundo estas apreciacións, entregaran unha cantidade inferior á das súas posibilidades económicas reais<sup>3</sup>. E eso que significados dirixentes frontepopulistas que aínda permanecían en liberdade xa levaban tempo tentando deixaren constancia da súa adhesión ó novo réxime mediante aportacións económicas coas que agardaban ver expiados pasados erros. Un seguimento das listas que periodicamente se publicaban na prensa local permite descubrir a futuros procesados e mesmo fusilados entre a nómina de xenerosos contribuíntes, entre os que sobresaía o propio Lino García Vázquez, pai do ex-deputado nas Constituíntes, candidato por *Izquierda Republicana* en febreiro de 1936 e deputado nas eleccións de Compromisarios para a elección de presidente da República da primavera dese mesmo ano, Manuel García Becerra<sup>4</sup>.

O cadro adxunto recolle o volume acadado pola suscripción patriótica en Verín só un mes despois de entrar en vigor as citadas disposicións.

<sup>2</sup> Archivo General Militar de Ourense (AGMO), causa 817/1936, fol. 8a.

<sup>3</sup> Vid. copia da orde da comandancia de Verín de 28-VIII-1936, en AGMO, causa 1.387/1937, fol. 253a.

<sup>4</sup> Vid. *España Nueva*, 11-IX-1936, p. 2

---

**Suscripción patriótica en Verín (setembro de 1936)**


---

Ingresado en diñeiro .....	59.004,70 pts.
2,423 kg de ouro .....	29.076 pts.
Camión a Burgos con diferentes alimentos .....	14.000 pts.
Camión a Ourense con diferentes alimentos .....	1.864 pts.
Camión a Ourense con 30 sacos de patacas .....	240 pts.
Camión a Ourense con 1.600 kg de café .....	6.400 pts.
<b>Total entregado .....</b>	<b>110.584,70 pts.</b>
1.050 kg de café .....	4.200 pts.
4 xamóns .....	160 pts.
15 kg de chourizos .....	180 pts.
30 kg de touciño .....	90 pts.
20 ferrados de centeo .....	80 pts.
20 camiões de patacas .....	4.800 pts.
<b>Total pendiente de entrega .....</b>	<b>9.510 pts.</b>

*Fonte:* Elaboración propia a partir de *España Nueva*, 11-IX-1936, p. 2<sup>5</sup>.

Parecidas medidas adoptáronse nos diferentes partidos xudiciais da provincia nun intento de poñer orde no caos resultante da apertura de numerosas suscripcións e da multiplicación das instancias que se crían con dereito a impoñelas. Entre estas últimas axiña se destacaron as milicias, particularmente Falanxe, que durante os primeiros meses conseguiu crear unha estrutura de exaccións paralela á do Exército en non poucas localidades e concellos. As xefaturas comarcais e locais de FE y de las JONS gozaron, durante estes intres, dunha autonomía practicamente absoluta para financiaren os seus gastos, sen que as autoridades militares amosasen interese por fiscalizar as súas contas, investigar a natureza dos ingresos e comprobar o destino final dos fondos recadados. Só cando os enfrontamentos entre milicias rivais saían á luz, algunha respectada "persoa de orde" atrevíase a elevar unha denuncia por conducto regulamentario ou os abusos facíanse intolerables tomaban cartas no asunto. Así aconteceu, por exemplo, en Xinzo de Limia, onde os requetés non dubidaron en elevar un escrito á Comandancia Militar no que denunciaban numerosas irregularidades relacionadas coa xestión dos fondos procedentes da suscripción patriótica aberta por esta no seu exclusivo beneficio, excluindo ós tradicionalistas dos pagos diarios en concepto de soldada, comida e aloxamento; segundo os informes do seu "servicio de contraespionaxe" os gastos da Falanxe local ascendían, en só dous meses, a algo máis de 17.000 pts. dos que só unha parte estaba debidamente contabilizada.

## II

Tamén constatamos numerosos exemplos de individuos que, actuando de costas á organización da que se enfundaban un uniforme, aproveitaron a conxuntura para extorsionar ós seus veciños coa impunidad propia daquelas circunstancias. Foi o caso de certos falanxistas de Castro Caldelas, dedicados ó lucrativo negocio de cometer atracos aproveitando o permiso para utilizar armas que lles proporcionara o delegado militar da vila. Asemade estableceron un expeditivo sistema de cobro de débedas polo que recibían substanciosas comisións. Segundo narra D. E., acordara con dous dos devanditos falanxistas "el cobrar una cuenta que le debía el vecino F.R., la cantidad de cuarenta y siete duros cuya cantidad fue cobrada (...) por el falangista J., dándole a los dos como regalo por el favor

5 VERÍN. Segundo o oficio de remisión deste balneario no concello de Luza agardában alínda 70 cabezas de gando e grandes cantidades de patacas e outros víveres en varias aldeas a espera de seren transportados. Presidían a comisión da Suscripción Patriótica Recreado Romero, Justo Cid e Alejandro Andrés (AGMO, doc. anexo a causa 1.387/1937).

hecho ciento veinte pesetas, quedándose con el resto el declarante, o sea ciento quince pesetas. Que el documento referido [el pagaré] se lo entregó al falangista J. en compañía de M. cuando convinieron en la villa del Castro de la forma que habían de cobrar dicha cantidad y el motivo de dirigirse a los falangistas citados porque tiene oído a varios vecinos que estos individuos cobraban todas las deudas en la forma de amenazas con sus armas que siempre van provistos”<sup>6</sup>.

Un veciño de Languillo (Manzaneda) atreveuse a denunciar que en setembro de 1936 entregara 500 pts. como donativo para o Exército segundo acreditaba o recibo asinado polo Delegado de Manzaneda, José Guerra; nove días máis tarde ingresaba na Falanxe desa mesma localidade outras 75 pts., aportando como proba un documento asinado polo xefe local sr. Ancochea. No mes de outubro certo falanxista “le exigíu la cantidad de cien pesetas, y como el denunciante le exigiese recibo el repetido Carrumbo le amenazó de muerte, por lo que le dijo que le daría quince pesetas (...) y entonces lo metió en una habitación de la casa (...) y le dijo “o me das las cien pesetas o te mato”, viéndose obligado (...) a sacar cincuenta pesetas que tenía”. F. D. P., veciño da mesma localidade, aseguraba que ese mesmo falanxista non dubidaba en empregar o seu cargo para obter vantaxes económicas; segundo o seu testemuño, el mesmo foi ameazado pouco tempo despois de principiar o Movemento coa prisión se non aceptaba desfacer o cambio dunha cabalería que viña de realizar. J. G. G., un falanxista residente nunha localidade veciña, recoñecía que foi obrigado por aquel a entregarlle unha escopeta coa súa correspondente licencia, obrigando seguidamente a outro veciño a entregarlle un carro de leña de carballo, “pues de lo contrario daría cuenta de él por ser de izquierdas”<sup>7</sup>.

Os casos documentados son abundantes, pero non cabe dúbida que centos deles nunca chegaron a coñecemento das autoridades. O medo foi o mellor aliado para estes homes carentes de todo compromiso que non dubidaron en utilizar para o seu propio beneficio a situación creada polo golpe de Estado. Sen embargo, aquelas tiveron exacto coñecemento da existencia de numerosos excesos nesta materia como proban as temperás disposicións adoptadas por algún dos seus mandos locais. Así, o 30 de agosto de 1936, o citado comandante militar de Verín publicaba un novo bando a modo de “orde da Praza” no que claramente aparecen perfiladas as arbitrariedades que se estaban a cometer en materia de recadacións só dous días despois do seu anterior bando:

“Teniendo noticias y quejas de que por elementos de Milicias y Falanges de este Distrito se procede a efectuar peticiones de dinero para cubrir gastos y necesidades, cuyas peticiones en la mayoría de los casos son premeditadas e intencionadas contra determinadas personas, y en otros casos se piden sin tener antecedentes de las situaciones económicas de los donantes, estableciendo una desproporcionalidad entre unos y otros del mismo pueblo, hago saber que prohíbo terminantemente que ningún elemento que no lleve mi autorización expresa, escrita, se dedique a hacer encuestas de ninguna clase”<sup>8</sup>.

Establecía, asemade, a obrigación que tiñan os recadadores de entregar un recibo no que figurase o importe do entregado con independencia da anotación que fixesen nas súas listas, autorizabase ós pedáneos e demais elementos de orde a proceder á detención de toda “persona ajena a las fuerzas armadas (...) [que] tratase de ejercer violencias y careciese de documento de identidad” e se dispuña a creación en cada concello do partido de

<sup>6</sup> AGMO, causa 160/1938, fols. 6v-7a.

<sup>7</sup> AGMO, causa 558/1938, fols. 1, 4a e 12a.

<sup>8</sup> Documento orixinal co encabezamento de Orden de la Plaza de Verín de primero de septiembre de 1936.

comisións de veciños encargadas de asignar“ en reparto equitativo la cantidad a que han de responder para formar la total que a la cabeza del Ayuntamiento se le pida (...) para atenciones militares, adquisición de víveres, efectos, etc.” co obxecto de evitar os frecuentes abusos.

Medidas como a apuntada, ademais de ter unha eficacia práctica dubidosa, foron certamente excepcionais durante os primeiros meses, xa que a inhibición das autoridades foi a nota dominante ata que estiveron seguras de exercer un control absoluto da retagarda despois da eliminación física da maior parte dos seus inimigos políticos. En realidade, elas mesmas practicaron directamente todo tipo de exaccións sen outro fundamento que a militancia política das vítimas e sen reparar nas consecuencias das súas accións: segundo sinalaba o secretario do comité local de IR de Dacón (Maside), como consecuencia dunha intriga persoal dun “correligionario de todos los que estén en el poder”, o 23 de setembro de 1936 o comandante militar da provincia ordenou a “incautación de 2.100 jamones de los que me vi privados y que constituían mi capital, ascendiendo lo invertido en el negocio que poseía en 40.000 pesetas que me había correspondido por herencia de mi padre, esta cantidad la invertí en el negocio de jamones de los que se me incautaron al principio del Glorioso Movimiento Nacional; hoy me veo arruinado, trabajando en la actualidad como dependiente de mi madre viviendo a sus expensas y sin que en el día de la fecha tenga capital alguno (...) Nada le queda en la actualidad (...) entre la incautación de los 2.100 jamones y donativos que hizo al Ejército en efectos y especies (...) donando voluntariamente para auxilio a la población de Madrid, a raíz de su liberación a finales de Marzo de 1939, la cantidad de cuarenta y dos kilos de jamón”<sup>9</sup>.

Haberá que agardar ata o outono de 1936 para que as autoridades centrais se decidan a intentar poñer coto ás numerosas extralimitacións que se estaban a producir. A circular do gobernador xeral do Estado de 5 de outubro dirixida ós gobernadores civís prohibía toda clase de multas, exaccións e suscripcións -incluídas as voluntarias- que non estivesen aprobadas expresamente por algunha autoridade, obrigando ós alcaldes a dar conta a aqueles de calquera iniciativa neste sentido para que resolvese o que estimase máis procedente. Non obstante, en casos excepcionais, se unha milicia mobilizada carecía de recursos para alimentarse, cabía a posibilidade de que esixise algunha exacción en especie, dando sempre recibo e conta á autoridade competente. Asemade, estimulábase ós gobernadores a “promover en las circunstancias actuales suscripciones voluntarias, si lo creen conveniente, para allegar recursos a las necesidades de la guerra”<sup>10</sup>. A Orde de 21 de novembro dispuxo que todas as iniciativas futuras en materia de suscripcións deberían ser postas en coñecemento do Goberno Xeral, acompañando as normas de recadación e o destino que se había de dar ás cantidades recadadas para que este resolvese sobre a súa pertinencia. Respecto ás xa existentes, os gobernadores civís dispuñan dun prazo de dez días para dar conta de todas as suscripcións, rifas, selos e demais campañas abertas nas diferentes provincias. O preámbulo da propia norma recoñecía explicitamente que do que se trataba era de acadar unha meirande eficiencia na aplicación das mesmas, evitando a un tempo a imposición de medidas tributarias por organizacións ou entidades que carecesen da autorización pertinente.

Aínda que esta Orde completárase con outras normas posteriores de 26 de novembro, 29 de decembro e 18 febreiro 1937, axiña se fixo evidente que non se conseguiran corrir as deficiencias observadas, como polo demais pode comprobarse a través das notas dadas á prensa dende á sede da VIII División prohibindo as suscripcións e requisas non autorizadas polas autoridades militares<sup>11</sup>. Daquela o Goberno Xeral viuse na obriga de dictar unha nova Orde de 22 de xullo de 1937 na que recoñecía a proliferación de suscripcións e

<sup>9</sup> Archivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOU), Fondo TRRP, caixa 7.205, causa 24/1941.

<sup>10</sup> *La Voz de Galicia*, 15-X-1936, p. 3.

petitorios públicos organizados á marxe da legalidade, polo que lembraba ós gobernadores civís as diferentes normas en vigor e a obriga de prohibir e perseguir as iniciativas que carecesen de lexitimidade, así como de aplicar a máxima sanción ós contraventores, pois “si en muchos casos pretenden responder a un elevado y altruista espíritu patriótico, contribuyen también a desgastar a las que con todos los requisitos legales se celebran en la España Leal en beneficio del Auxilio Benéfico Social”. Segundo o precepto, pasarían a considerarse petitorios clandestinos todos aqueles que non fosen previamente autorizados polo Goberno Xeral previo informe e por conducto das Xuntas Provinciais de Beneficencia. Na práctica esta situación distou moito de terse corrixido, e así, o 4 de marzo de 1938, o gobernador civil de Ourense víase obrigado a inserir unha circular na que instaba a todas as autoridades a vixiar o cumprimento da Orde da Xunta do Servizo Nacional de Beneficencia e Obras Sociais do 25 de febreiro pola que se prohibían terminantemente todos os petitorios, suscripcións, rifas e espectáculos con fins benéficos ou patrióticos que non contasen coa preceptiva autorización, previo informe da Xunta Provincial de Beneficencia de Ourense<sup>12</sup>.

### III

As suscripcións patrióticas organizadas en Ourense para os máis diferentes fins son incontables. Deixando de lado as campañas de recollidas de víveres podemos citar a campaña de *doazóns para a forza pública* (o 25 de agosto levaba recadadas 8.374 pts.), para *protección da infancia escolar*, a suscripción *para café dos soldados, pro lápida do capitán Eloy, o Aguinaldo para o Exército e as Milicias* (consequira 22.573 pts. a 20 de decembro, incluíndo 1.000 outorgadas polo concello da capital, pasando a 107.422,10 na campaña seguinte<sup>13</sup>), *para o altar do Apóstolo* (aberta a finais de outubro), *para regalar a Franco unha virxe do Pilar* que debería presidir as súas xuntanzas do Consello de Ministros (aberta en novembro), a *suscripción da Beneficencia, pro Málaga* (33.135,15 pts., encabezada polas 1.000 pts. de Villanueva y Zarauza e con xenerosas contribucións da maioría dos concellos), *pro vestiario do Exército, para homenaxe ó Xeneralísimo* (12.075 ptas), *auxilio a poboacións liberadas*, etc., ademais doutras máis ou menos orixinais e estendidas, como a que se levou a cabo por iniciativa do comandante da Garda Civil Juan Montabes Ruiz, destinada a confeccionar un luxoso álbum que se pensaba dedicar a Franco no que estamparían a súa sinatura todas as mulleres de Ourense dispostas a pagar unha cota que oscilaría entre 0,25 e 1 pesetas, estando previsto destinar o sobranse, unha vez descontado o custo do álbum, a obras benéficas<sup>14</sup>.

Houbo, asemade, iniciativas directamente vencelladas á Igrexa, como a colecta *pro dióceses arrasadas*, organizada pola Confederación de Mulleres Católicas. Os produtos doados eran moi variados, pero dominaban as pezas téxtiles e, sobre todo, os obxectos relixiosos (cálices, crucifixos, campañas, caixiñas e cadeas de prata, palmatorias, casullas, bandexas de comunión, vinagreiras, amictos, albas, cíngulos, sobrepelices, purificadores,

<sup>11</sup> Vid., por exemplo, o bando do gobernador militar de A Coruña do 21 de decembro dispoñendo a prohibición de toda clase de requisas que non fosen ordenadas polo xeneral en xefe do Exército do Norte, xeneral do Corpo de Exército, xenerais xefes da división ou pola súa propia autoridade; segundo este, toda requisa efectuada por particulares ou autoridades distintas das enumeradas “será sancionada con toda enerxía, sendo inmediatamente detido su autor y entregado al jefe militar más próximo. Los propietarios de requisa no autorizada por este bando quedan obligados a denunciarme el hecho por el conducto más rápido (*La Voz de Galicia*, 22-XII-1936, p. 2).

<sup>12</sup> Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOPO), 5-III-1938, p. 1.

<sup>13</sup> Vid. as normas de recadación para a campaña de 1937 en BOPO, 27-XI-1937, p. 1

<sup>14</sup> AGMO, dilixencias previas 273/1940, fol. 37v.

medallas, imaxes do Neno, cadros e estatuas sacras...). Tamén habería que falar dos paradoxalmente denominados *Recargos Voluntarios*. A súa orixe está nunha disposición de 26 de setembro dada polo xeneral en xefe da VIII Rexión Militar pola que, previa autorización da JDN, se puñan á venda en todos os estancos de Galicia unha emisión de selos de dez céntimos de “recargo voluntario” que debían acompañar a cartas, telegramas, recibos, facturas, instancias e toda clase de documentos “como muestra de contribución al movimiento nacional”. O 5 de outubro o gobernador civil de Ourense publicaba unha circular na que se recollía a mencionada disposición, engadindo que “Lo que hago público para general conocimiento, y a fin de que todas las autoridades dependientes de la mía y agentes de las mismas den la mayor publicidad a esta circular, excitando el patriotismo de todos los buenos ciudadanos para que lo que se solicita como voluntario sea una realidad, aumentando los ingresos para el sostenimiento de las cargas militares impuestas por las necesidades del momento”<sup>15</sup>.

O *Aguinaldo del Combatiente*, na que se refundiron numerosas iniciativas particulares destinadas a levar ás fronteiras de guerra todo tipo de alimentos e bebidas, foi unha das suscripcións máis populares. Ademais das aportacións realizadas directamente por particulares foi reforzada con fondos procedentes de numerosos concellos, que se sumaban oficialmente á mesma por decisión persoal dos seus xestores. Unha decisión que obviaba o custo que para as minguadas arcas municipais tiñan semellantes dispendios, moitas veces ordenados como mecanismo de promoción persoal a sabendas de que ninguén lles esixiría responsabilidade. Así, por exemplo, na sesión do 12 de decembro de 1936 o comandante do posto da Garda Civil de Vilamarín, Bernardo Lorenzo Lorenzo, en funcións de alcalde-xestor do concello, prescribía sen consulta algunha que a suscripción do Aguinaldo do Combatente ordenada pola superioridade se recadase con toda urxencia, sendo encabezada polo concello coa cantidade de 200 pesetas con cargo ó capítulo de imprevistos”<sup>15</sup>.

Como vemos, a realidade cotián ía por diante da propia normativa governamental, que ata a Orde de 20 de novembro de 1937 non se decidiu a regulamentar esta nova exacción nun intento de “unificar el esfuerzo que se realiza y conseguir la mayor eficacia en beneficio de nuestros valientes combatientes”. De acordo con esta disposición, todos concellos da “España liberada” deberían abrir de inmediato unha suscripción nacional que tería como finalidade a recadación de toda clase de donativos en metálico e especie destinados ós combatentes nas fronteiras e ós feridos e enfermos hospitalizados. A suscripción tería carácter voluntario, “pudiendo contribuir a la misma todas las Entidades y particulares, no sólo con sus aportaciones personales, sino también con los demás medios de recaudación que sus iniciativas les sugieran”; en todo caso, estas iniciativas deberían estar autorizadas polos respectivos concellos. Precisamente nestes -os únicos autorizados para as recadacións en metálico- exoríanse a diario as listas da suscripción ata o 15 de decembro, data na que se daría por rematada e os listados deberían ser remitidos polos alcaldes ou xuntas recadadoras ós gobernadores civís. Estes últimos ingresarían as sumas recadadas en toda a provincia na conta aberta a tal efecto na sucursal do Banco de España en Valladolid, mentres que as doazóns en especie serían depositadas nos locais habilitados ó efecto, sendo postos a disposición da delegación Nacional de Asistencia a Frontes e Hospitais, encargada de proceder ó reparto entre os Corpos de Exército de Operacións, Hospitais e demais servizos militares<sup>17</sup>.

Aínda máis popular foi a suscripción do *Plato Único*, “que consiste en la realización de un pequeño sacrificio a base de suprimirse en todos los hogares, los días 1 y 15 de cada mes, parte de los manjares que se acostumbra a preparar, tomándose únicamente un sólo plato, para entregar el importe de los restantes a beneficio del gran número de ancianos y

<sup>15</sup> La Región, 6-X-1936, p. 1; BOPO, 6-X-1936, p. 1.

<sup>16</sup> Vid. Libro de actas de pleno do concello de Vilamarín nas citadas sesións.



niños que carecen de alimentos para subsistir". A orixe desta exacción, xurdida da mente de Queipo de Llano, está na Orde do Gobernador Xeral de 30 de outubro de 1936, que previa destinar a recadación ós comedores de asistencia social, xardíns de infancia, orfanatos e demais institucións análogas diante da constatación do agravamento das necesidades "que si periódicamente se agravan al aproximarse el invierno en el venidero han de incrementarse enormemente con los trastornos de orden familiar que llevará anejos la liquidación de la campaña salvadora de nuestra amada patria".

Segundo unha circular do gobernador civil de 11 de decembro, non se trataba dun tributo máis, "que sería obligatorio y forzoso, [sino] una aportación voluntaria, de carácter patriótico y ciudadano (....) que no fracasará en nuestra hidalga provincia, donde la casi totalidad de sus habitantes son cristianos". Deste carácter "voluntario" fala a prescripción de que os cabezas de familias que non colaborasen na mesma aparecerían nas "listas negras de los malos patriotas (...), llegándose en casos notorios a la imposición de multas que compensen, con exceso las cantidades con que hayan dejado de contribuir". O propio Quiroga recoñecía explicitamente o escaso entusiasmo amosado por algúns concellos a catro días do seu primeiro acto, polo que ameazaba con severas sancións "de continuar tal apatía y negligencia" e ordenaba a alcaldes e secretarios intensificar os medios de propaganda, sancionando con multas ós que non contribuísen na proporción debida.

No caso de hoteis e hospedaxes quedaba a criterio do gobernador civil e dos respectivos alcaldes a fixación da porcentaxe a deducir do importe de hospedaxes e comidas percibidas, sempre que non fose inferior ó 25% do total. En Ourense estableceuse que estarían obrigados a contribuir co 50% do importe dos servicios extraordinarios e co 40% polos hóspedes fixos, ademais dunha cota non inferior ó 25% correspondente á familia e empregados. O batallón de *Caballeros de Santiago* engadiu ás súas múltiples ocupacións a de visitar a todos os veciños da capital para facer entrega dos correspondentes boletíns de adhesión e suscripción. Como nas restantes suscripcións, unha comisión de señoritas postulantes encargárase de recorrer os domicilios os días seguintes ó da celebración para recoller as aportacións dos forzados contribuíntes<sup>18</sup>.

O 15 de novembro entrou en vigor esta nova disposición que na provincia foi celebrada cunha comida oficial organizada nos Hoteis Roma e Miño por Arturo Estévez e Alejandro Rodríguez Veiras, designados polo gobernador civil para tan honrosa comisión. Segundo facía notar a prensa, "Dicho banquete será presidido por todas las autoridades, y éstas tienen sumo interés en manifestar, que su deseo más ferviente es que concurran a dicha comida todos los funcionarios del Estado, Provincia y Municipio, así como las demás colectividades y organismos de la ciudad recogiendo las tarjetas, al precio de 5 pesetas, en los Hoteles mencionados hasta el próximo día 14, por la tarde". Un total de 631 persoas participaron neste primeiro xantar, ós que habería que engadir outros 110 convidados que non asistiron pero contribuíron con 5 pts. cadanseu<sup>19</sup>.

A iniciativa, como non podía ser doutro xeito, foi secundada en todos os concellos da provincia. Unha circular do Goberno Civil de 21 de xaneiro de 1937 daba conta do agrado manifestado polo seu titular a raíz do incremento da recadación experimentada polo *Plato Único*, "tributando por ello merecido aplauso al patriotismo de los habitantes de esta provin-

17 A modo de exemplo, a recadación ingresada polo concello de Montederramo por este concepto ascendeu a 434,80 pts. segundo o recibo acreditativo que obra nos seus arquivos (AM-Montederramo, Fondo Sanidade, Beneficencia e Asistencia Social).

18 *BOPO*, 14-XII-1936, p. 2. Vid., asemade, as instrucións a delegados, xestores e secretarios de concello sobre o procedemento e prazos para remitir o importe do recadado en *BOPO*, 4-I-1937, p. 1 e oficio do gobernador xeral do Estado de 26-I-1937 dictando novas normas para a súa administración e recadación.

19 *La Región*, 17-XI-1936, p. 2 e 19-XI-1936, p. 2. Os participantes distribuíronse como segue: Hotel Roma, 240; Hotel Miño, 226; Hotel Barcelonés, 70; Rexidora, 52; Bilbaina, 25; e Español, 18.

cia", citando como destacados ós concellos de Canedo, Vilar de Barrio, Lobeira, Esgos, A Rúa, Nogueira de Ramuín, San Cibrao das Viñas, A Merca, Ramirás, Vilariño de Conso e Manzaneda. Asemade, lembraba que os fondos recadados serían destinados con preferencia ás institucións de beneficencia destinadas ó auxilio a orfos e desvalídos<sup>20</sup>. Pero non todos contribuían con idéntico entusiasmo a xulgar polas severas admonicións das autoridades a diversos estamentos, entre eles o propio clero, como se deduce dunha nota enviada polo gobernador ó bispo Cerviño a finais do mes de xaneiro de 1937; nela, despois de manifestar a maioritaria xenerosidade coa que foi recibida a iniciativa polo clero, aludía a un escaso "número de Sacerdotes que se mostraron fríos en su colaboración con las autoridades municipales, en estos momentos en que la Patria nos llama imperiosamente a todos", evidenciando así as tensións que provocou a súa organización en diferentes ámbitos<sup>21</sup>.

A Orde de Goberno Xeral do Estado de 16 de xullo de 1937 modificou a recadación do *Plato Único* ordenando a súa celebración todos os venres do ano ó tempo que implantaba para os luns o *Día Semanal sin postre* como consecuencia da necesidade de fondos para atender os Comedores de Caridade e o Subsidio do Combatente ó que axiña nos referiremos<sup>22</sup>. Quiroga aproveitou a ocasión para instar ás autoridades municipais a aumentar os esforzos para incrementar a recadación, lembrando ós ourensáns que agardaba "se darán cuenta del llamamiento que la Patria les hace en esta hora solemne, elevando voluntariamente sus cuotas sin necesidad de requerimientos, advertidos que a fin de agosto próximo se hará un minucioso estudio de las cuotas pagadas (...) para poder apreciar el entusiasmo de cada ciudadano en esta gran Cruzada"<sup>23</sup>.

Estas particulares contribucións foron obxecto de múltiples conflitos. Por exemplo, unha Orde de 21 de setembro de 1937 facíase eco das protestas co gallo de non se servir por algúns restaurantes pratos de peixe ó coincidir co precepto relixioso da vixilia de témporas, razón pola que o Goberno Xeral lembraba ós propietarios de establecementos de hostalería a obrigatoriedade de, segundo a Orde de 18 de marzo, confeccionar os días de *Plato Único* tres pratos a elixir de carne, verdura e peixe, encomendando ós gobernadores civís a vixilancia no cumprimento da orde. Ademais, o que nacera como un exemplo de solidariedade cos máis desfavorecidos acabou por se converter nunha simple exacción, dende o momento en que os que podían ingresar o importe dese "segundo prato" non se privaban de adornar a súa mesa con toda clase de manxares sen o menor recato<sup>24</sup>.

<sup>20</sup> La Región, 24-I-1937, p. 1.

<sup>21</sup> *Boletín Oficial Eclesiástico del Obispado de Ourense* (BOEOO), 2-II-1937, pp. 137-138 (a data da comunicación é do 28 de xaneiro).

<sup>22</sup> Momentaneamente o recadado polo Día sen postre pasou a ingresarse integro na conta do subsidio pro combatentes, mentres a recadación polo *Plato Único* se repartía ó 50% entre esta e o Fondo de Protección Benéfico-Social, aínda que antes de rematar o mes de agosto Quiroga deixaría sen efecto esta disposición ordenando que a totalidade do recadado por este último concepto pasase ó Fondo de Protección Benéfico-Social. A partir de xaneiro de 1938 a celebración do *Día de Plato Único* trasladouse ó xoves na provincia de Ourense, dictándose daquela novas normas para controlar mellor as entregas realizadas polos establecementos obrigados (vid. *BOPO*, 17 e 22-I-1938, p. 1).

<sup>23</sup> *BOPO*, 3-VIII-1937, p. 3. Citábanse como distinguidos os concellos de Vilar de Barrio, Amoeiro, Barbadás, Lobeira, Cartelle, Quintela de Leirado, Sandiás, Calvos de Randín, Castro Caldelas, Monterrei, Cenlle, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Boborás, Toén, Esgos, Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín, Maside e Canedo; pola contra entre os concellos que ingresaban cantidades inferiores a outros da súa categoría estaban Xunqueira de Ambía, Taboadela, Gomesende, Os Blancos, Vilariño de Conso, Pontedevea, Sarreaus, Larouco, Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Castrelo do Val, Arnoia, Carballeda de Valdeorras e Beariz.

<sup>24</sup> Sobre o significado real da "austeridade" que presidían estas manifestacións vid. o testemuño persoal dalguén tan pouco sospeitoso como MOURE MARIÑO, L., *La generación del 36. Memorias de Salamanca y Burgos*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1989, p. 98.

## IV

A indagación prosopográfica das principais aportacións ás primeiras suscripcións patrióticas organizadas na provincia a prol do Exército pode dar unha idea moi aproximada de en que sectores atoparon os sublevados os seus principais apoios. Se tomamos como base as primeiras dezasete aportacións iguais ou superiores a 500 pesetas recollidas durante os dous primeiros meses da contenda, observaremos o enorme peso da elite económica e social da capital e das diferentes entidades oficiais con sede na mesma. Entre todas sobresaía a doazón do almacenista Francisco Villanueva que, coas súas 100.000 pesetas, duplicaba ó resto dos contribuíntes; a moita distancia estaba o tamén almacenista Ignacio Tabarés, con 9.700 pts., Ángela Santamarina, marquesa da Atalaya Bermeja, que cinco días despois de sumarse ó golpe a gornición ourensá xa fixera entrega de 5.000 pts., poñendo, ademais, a disposición do Exército canto precisase para levar a bo porto tan patriótico acto, e “un grupo de comerciantes ourensáns” que realizaron tres entregas sucesivas de 5.000 pts. cadansúa; o Banco de España aportou outras 5.000 pts., Tabacalera 2.000 e a Caixa de Aforros 1.000 pts. Completaban a nómina coñecidos membros dalgunha das principais familias ourensás vencelladas ó mundo dos negocios, perceptores de rendas e mesmo á baixa aristocracia; velaí os nomes de Matías Bobillo, Filomena Hermida, viúva de Prada, Gustavo Enríquez Cadórniga, Eustaquio Berioche, Emilio Astray Caneda e Ramona Carballo, cada un deles cunha aportación de 1.000 ptas; Francisco Santiago Fernández, Cándido Bobillo Álvarez, José Ulloa Sotelo e Delia Goyanes ingresaron nas suscripcións 500 pts. cadanseu.

En non poucos casos foron as mulleres as que tomaron a iniciativa organizando pola súa conta diferentes petitorios. Así, o 8 de agosto, anunciábase na prensa a constitución dunha comisión de “distinguidas damas de nuestra sociedad, asociada de bellas señoritas” que tiña como obxectivo a realización dunha colecta domiciliar de tabaco, víveres, roupa, xabón, toallas, panos, etc, para remitir por partidas periódicas ás forzas que operaban en Castela e Asturias. Formaban parte da mesma, como de case todas as que se formarían no sucesivo, as donas, fillas ou irmáns das principais familias de comerciantes e industriais da cidade e dos principais cargos civís e militares: Angelines Taboada de Vargas, Concepción Garra de Sarmiento, Josefina Boceta de Navarrete, María Andino de Zarauza, Blanca Sandino de Pérez Serantes, Rita Moreno de Cuevas, Otilia Pérez Serantes de Colemán, María Aúz de Pedrosa, Alejandra Ulloa, viúva de Rubín, Josefina Martínez de Junquera, Sabina Albizu de Valcarce, Regina Sas de Amoeiro, Concepción de las Cuevas de Muñiz, María Sas de Bouzo, e as señoritas María Dolores Sabucedo, María Quiroga, María Luisa Zarauza, Matilde Domínguez Sotelo, Emilia Alonso Ochoa, María Gerónimo, Rita Sas, María Álvarez Román, Amalia de las Cuevas, María Luisa Soto, María Dolores Rey, Valbanera Moreno e Lola Sandino<sup>25</sup>.

Parece evidente que son motivacións de índole ideolóxica e de interese particular e de clase as que explican o compromiso amosado por este sector concreto da sociedade ourensá; motivacións que poden subsumirse nas derivadas da súa identificación máis ou menos matizada cos postulados defendidos polos sublevados. Trátase, xa que logo, de homes e

<sup>25</sup> As diferentes instancias de poder controladas polos militares deixaron abundantes mostras do seu agradecemento con tan laboriosas damas, como acontece coa Deputación Provincial, onde neste mes de agosto se fai constar en acta a gratitude dos seus membros polo donativo da Comisión de Señoritas encargadas da recadación para as forzas do Exército e Milicias consistente en dúas ducias de sabas, unha ducia de almofadóns, dúas ducias de toallas, dúas ducias de panos, seis mantas, unha colcha, catro botellas tostado e dúas botellas coñac. Na sesión do 10 de setembro farase constar de novo o agradecemento da corporación por un segundo donativo consistente nun colchón, seis almofadas, dezaseis fundas, dez sabas, tres botellas de viño Valenter, unha de viño Vial e dúas botellas de Montelle (Actas das sesións da Comisión Xestora da Deputación de 20-VIII-1936, fol. 76v e de 10-IV-1936, fol. 80v).

mulleres politicamente identificados cos diferentes sectores da dereita, fondamente católicos e “de orde” e perfectamente conscientes do que se xogan no envite.

¿Perfectamente conscientes? Non era esa a opinión dos máis acendidos propagandistas e os máis conspicuos fautores do golpe. O escaso entusiasmo dos potentados ourensáns en contribuír ó sostemento do Exército foi denunciado publicamente por primeira vez na prensa do día 26 de xullo por “un grupo de patriotas” que mostraba a súa sorpresa “al ver que en la relación de donativos aparecen cifras miserables como aportación de gente rica de Orense”; como se aínda non comprendesen “que si este movimiento fracasara (cosa ya imposible), la tacañería de sus espíritus no habría de servirles de nada, que la pérdida del movimiento supondría, no sólo su ruina económica, no sólo la destrucción de sus más caros ideales religiosos y políticos, sino su deshonor y su muerte”<sup>26</sup>.

Antes de rematar este mes, o comandante militar da provincia, recollendo tan patriótico sentir, publicaba unha dura nota na que aludía á falta de xenerosidade dos capitalistas locais, pois “en la lista aparecen las clases modestas aportando sumas que muchas veces sobrepasan sus posibilidades económicas, y en cambio industriales, propietarios y rentistas acaudalados (...) que son los más beneficiados (...), que de haber triunfado el Comunismo en España hubiesen perdido todo, hasta la propia vida, no quieren comprender que han nacido de nuevo (...)”. Naqueles intres, finais do mes de xullo, nas listas de suscriptores que figuraban na Comandancia Militar aparecían unicamente dez contribuíntes que entregaran unha suma igual ou superior a 1.000 pts., polo que a máxima autoridade militar da provincia amenazábaos con dar a coñecer publicamente as cantidades aportadas e, se esto non era suficiente, con actuacións máis enérxicas de non contribuír en proporción ás súas capacidades á empresa do Exército<sup>27</sup>. Aínda na primeira semana de agosto esta suscripción non superara as 45.000 pts., unha cantidade tres veces inferior ó que se estaba a recadar a través de *Acción Ciudadana*, na que o propio Villanueva figuraba con outras 25.000 pts. Só a raíz das ameazas de Soto e do incremento das intervencións de significados propagandistas a través da prensa e da radio denunciando a mesquindade dos “ricos”<sup>28</sup>, é posible apreciar unha reactivación das aportacións: algúns dos antes citados realizan un segundo ingreso que xa aparece contabilizado e a máis xenerosa, a de Francisco Villanueva, faise por fin efectiva o día primeiro de setembro, data na que entregou un cheque pola cantidade apuntada a beneficio do Exército e para a recentemente aberta do avión “Orense”, á que comezan a afluír aportacións de 25.000 e 15.000 pts.

Pero, como o propio L. Soto apuntaba, tamén un sector moi significativo das “clases modestas” apresurouse a contribuír cos seus escasos recursos ás diferentes suscripcións abertas. E moitos fixérono porque estaban convencidos da bondade da alternativa que representaban os sublevados; porque dentro da súa humildade tamén comulgaban cos valores católicos e “de orde” que dicían representar; porque crían realmente na existencia da “ameaza comunista” e ata non vían con malos ollos un castigo exemplar para os que nos últimos meses ameazaran ó párroco, se incautaran da rectoral e mesmo os obrigaran a sindicarse na Agraria local para non padecer o boicot dos máis “extremistas”. Os xornais tamén están cheos de persoas anónimas que contribúen con cantidades tan insignificantes que case non cobren o custe da impresión do seu nome nas súas páxinas; que aportan

<sup>26</sup> Vid. *La Región*, 26-VII-1936, p. 4.

<sup>27</sup> *La Región*, 30-VIII-1936, p. 3.

<sup>28</sup> Así, por exemplo, xa avanzado o mes de agosto a prensa anunciaba a apertura doutra campaña de recollida de víveres, roupas e diñeiro organizada por mulleres lembrando ós comerciantes, industriais e propietarios que os seus bens, antes que particulares, pertencían á Patria, polo que estiman que se poderían recoller un total de seis ou sete millóns de pts. sen que a economía da provincia se resentise con gravidade. Esta recadación estaría destinada á adquisición de armamento, en particular avións, razón pola que daquela aínda non se atopaba “totalmente vencida la resistencia marxista” (vid. *La Región*, 11-VIII-1936, p. 3).

dende un chourizo ata media ducia de ovos, pasando por un kg de patacas. E, por suposto, tamén hai contribuíntes que a través das súas aportacións permiten intuír a súa pertenza a ese amplo sector das clases medias que tamén se sinte cómodo na nova conxuntura, sen esquecer a conspicuos párrocos que desexan facer aínda máis explícito o seu compromiso, pasando polo gremio dos barbeiros e pola totalidade dos empregados dalgunha reputada casa comercial, casos dos obreiros do industrial pontino Manuel Seoane, ós que atopamos contribuíndo con cantidades que oscilaban entre as 100 pts. do encargado Antonio González Vieiras ata as 2,50 pts. de varios aprendices, etc.

Pero nos listados de contribuíntes ás suscripcións patrióticas non só atopamos a persoas ideoloxicamente comprometidas cos sublevados. Tamén hai numerosas aportacións que obedecen á percepción da necesidade de asegurarse a benevolencia ou o favor das novas autoridades, unha faciana máis da que se deu en chamar a lealdade xeográfica. Asegurado o triunfo do alzamento medran como fungos os colaboracionistas de todo tipo que se soben ó carro dos vencedores. Son estes, sen dúbida, os máis difíciles de analizar "que non de explicar" dende a perspectiva histórica xa que, a diferenza dos anteriores, non poden ser incluídos nunha categoría de carácter xeral.

Un primeiro grupo incluíría a aqueles individuos que, por diferentes razóns, aparecían identificados coa esquerda; sucede aquí algo semellante ó que acontece coas masivas incorporacións ás milicias: era preciso borrar o "pecado orixinal" amosando un irrefreable impulso de colaboración, traducido na entrega de víveres, cartos ou xoias, como expiación por pasados erros e como medio para camiñar un pouco máis seguros na perigosa conxuntura aberta como se encargan de lembrar nos seus escritos de descargo. Como facía o mestre de Tameirón (A Gudiña), cando despois de enumerar a relación de bens que posuía facía constar:

"(...) que a pesar de hallarse oculto algún tiempo y encarcelado más tarde, su señora contribuyó con todas sus fuerzas en favor del Glorioso Movimiento Nacional, suscribiéndose con 6 pesetas mensuales para el Plato Único durante la guerra y 3,50 en la actualidad, donando las mejores ropas de camas para los combatientes, donando en especies todo cuanto ha podido, cediendo su máquina de coser dos años para la confección de prendas para el ejército y por último proporcionando dos camas y seis servicios completos para servicio de los falangistas que estuvieron más de dos años en Tameirón como pueblo fronterizo prestando el servicio que le ordenaron"<sup>29</sup>.

Noutros casos trátase de xentes anónimas que, por non teren amosado dende o principio un grao de compromiso suficiente ou por teren a percepción, real ou suposta, de que a súa actitude podía facer sospeitosos, entenden que é preciso un xesto, as veces eminentemente simbólico, que lles garanta, senón a benevolencia, si a neutralidade dos vencedores. En ambos os dous casos a decisión de colaborar está estreitamente relacionada co clima de medo que se vive durante estes anos, xa nos atopamos ante supostos onde esta sexa autoinducida -é dicir, se produza como resultado da percepción interna de que os custos da non participación son meirandes que os que se derivan da colaboración activa- ou ben a participación dos suxeitos só sexa posible pola interferencia directa dun mecanismo externo cal é o da represión.

Noutros, pola contra, priman outro tipo de consideracións, caso dos que ven nestas entregas un medio para evitaren os prexuízos que para os seus negocios se terían derivado de non actuar dese xeito, ou dos funcionarios que buscan asegurar o seu posto entregando unha parte dos seus haberes (a 2.500 pts. e 2.000 pts. ascendía o entregado, respectivamente polos de Facenda e a Deputación para a suscripción en favor da forza pública a

<sup>29</sup> AHPOU, Fondo TRRP, caixa 7.196, expediente 24/1940.

principios de agosto) ou ingresando masivamente na Falanxe<sup>30</sup>. Respecto a estes últimos, o Decreto nº 69 de 26 de agosto da *Junta de Defensa Nacional* decidiu garantir que se mantivese con crecente intensidade a cooperación dos bos patriotas establecendo por decreto que os haberes de todos os empregados públicos e dos de calquera empresa vencellada coa Administración contribuirían á suscripción nacional co importe mínimo dun e dous días de xornal para os salarios inferiores e superiores, respectivamente, a catro mil pts. anuais. Uns coa súa participación activa e voluntaria, outros forzados ou inducidos contribúen, en fin, a ir conformado ese conglomerado de apoios explícitos e difusos dos que se vai nutrindo o réxime no seu longo proceso de institucionalización.

---

<sup>30</sup> Tantas eran as solicitudes que a Falanxe coruñesa, por exemplo, fixo pública unha nota a mediados de setembro na que se os acusaba de ser un "compacto reducto casi inexpugnable al servicio del nefasto Frente Popular. (...) Bien sabemos que su único propósito es el de salvaguardar sus destinos emboscándose en la nueva España, que estamos creando sobre la sangre de nuestros mártires" (*La Voz de Galicia*, 15-IX-1936, p. 1).